

BOLETÍN INFORMATIVO: ESPECIAL CONFI

CONFI E O CONFINAMENTO

Un **arroaz solitario** é un cetáceo que vive alleo a súa manda de orixe e que permanece só e sen contacto permanente con outros exemplares da súa especie.

A esta situación pode chegar por diversas circunstancias: por perda de contacto coa súa manda, por separación voluntaria a causa de enfermidade ou idade, por separación inducida por outros. A causa máis habitual dáse entre exemplares adolescentes, habitualmente machos, que se separan da súa nai aos tres anos, a femia proxenitora dá comezo un novo ciclo reprodutivo polo que considera que o seu cachorro é autosuficiente e o rexeita. Tamén podería darse, de xeito inducido, no caso dun exemplar vello.

Habitualmente os adolescentes únense en grupos de exemplares da mesma idade e permanecen na órbita manda, na periferia, ou viven separadamente. Mais cando un exemplar non atopa o seu lugar na sociedade délfica, ou non asume a separación da nai, é rexeitado da manda converténdose nun arroaz solitario.



Se busca o contacto coas persoas humanas denomínase ***solitario embaixador***.

O arroaz **CONFI**, foi detectado a través de alertas de diferentes persoas que trasladaron a CEMMA a situación de confinamento no porto de Portosín (Ría de Muros-Noia) dun exemplar solitario que se achegaba ás embarcacións e persoas. As primeiras alertas déronse durante o mes de maio de 2020, facendo referencia a semanas e meses anteriores.

A información foi confusa e contradictoria inicialmente, mais chegouse á conclusión de que se establecera na zona en decembro de 2019, mantendo un comportamento activo en xaneiro, con exhibicións, acrobacias e saltos. Posteriormente máis pasivo, con exploración de novas áreas e aproximación aos mariñeiros da navalla que levan a cabo a súa actividade no norte da Ría.

FASES NA XESTIÓN DUN ARROAZ SOLITARIO

A xestión dun **arroaz solitario** conta con dúas fases ben diferenciadas.

1.- Fase discreta

O exemplar é detectado polos usuarios do mar trasladando información a SOS-Galicia, Protección Civil Vixilancia costeira e portuaria ou Rede de Varamentos, dun xeito discreto e sen grande proxección pública.

2.- Fase pública

O exemplar é detectado polo público en xeral e a súa proxección é trasladada aos medios de comunicación, distorsionando en ocasións a realidade.

Nesta fase o recomendable é comunicar o manual de bos usos, manter informadas ás autoridades locais, Protección Civil, Vixilancia costeira e portuaria, así como Policía Local, dos lugares que frecuenta. O desexable é que a información emane dende unha axencia cualificada, mesmo nomeando un tutor como persoa de referencia para o caso, isto evita moita confusión, usurpación de funcións e falsidades sobre a situación real do animal.

Lexislación que protexe a un **arroaz solitario**:

A Ley 27/1992, do 24 de novembro, de portos do estado e da mariña mercante: *prohibe o baño e mergullo nas instalacións portuarias*.

O Real Decreto 1727/2007, de 21 de decembro, polo que se establecen medidas de protección dos cetáceos: *prohibe a persecución, molestia e natación cos cetáceos*.

RECOMENDACIÓNS E BOAS PRÁCTICAS:

- Non ofrecerlle NUNCA comida.
- Non meterse intencionadamente NUNCA na auga ao seu carón.
- Se estás na auga non tratar NUNCA de tocalo nin de aproximar as mans.
- Observalo a distancia, non entrar deliberadamente no seu radio de contacto.
- Respetar a súa área restrinxida de descanso.
- Diante dun comportamento incómodo pola súa parte, saír INMEDIATAMENTE da auga e afastarse do seu contacto.
- **Dende embarcación:** non aproximarse nin interromper o seu comportamento.
- Adoptar comportamento neutral e indiferente se se achega o cetáceo mantendo o mesmo rumbo e velocidade.
- Non cambiar de dirección ou velocidade de xeito brusco.
- Se o tes na popa, PRECAUCIÓN e non des aceleróns.

2020-2023: APRENDENDO A SOCIALIZAR

A partir de que en setembro de 2020 un mergullador rompeu a burbulla de cristal con CONFI, mantendo contacto físico, o arroaz comezou una espiral de socialización cos humanos. Iso causou moito malestar no sector produtivo, especialmente nos navalleiros, porque interrompía o seu traballo e chegou a causar momentos delicados de tensión e mesmo de risco.






Houbo varias propostas que o sector produtivo, CEMMA e os equipos MITECO fixeron para diminuír a tensión, mais as administración negáronse a adoptalas. CONFI simplemente non existía para a lei e era negado na realidade.

En novembro de 2022 CONFI foi alcanzado por un arpón de mergullo disparado dende fóra da auga cunha evidente intención de matalo.

A pesar dos esforzos para retirar o arpón pero non foi posible, aínda que a manipulación do mesmo debilitou a uña de retención e rematou caéndolle e causando unha cicatriz de 15 cm no costado esquerdo.

Non variou significativamente o seu comportamento, pode que nos seguintes meses permanecese máis discreto, mais pronto accedeu de novo ao contacto habitual cos humanos.



MAIO 2024: DERRADEIRO EXAME


O 24 de maio de 2024 organizouse unha campaña para a detección do arroaz CONFI, coa finalidade de examinar o seu estado e procurar algunha recollida de mostras. Para iso contou coa colaboración da vixilancia da confraría de Noia saíndo do porto do Testal e recorrendo o norte de Ría de Muros, buscando nos puntos habituais de actividade: inmediacións do porto do Freixo, illa da Creba, Esteiro e Muros.



Un dos observadores en terra indicou a súa presenza no interior do porto de Muros, mais curiosamente detectouse outro arroaz nas inmediacións dun equipo de mergulladores que operaba en Serres. Diante da presenza do equipo o exemplar separouse da actividade. Dalgún xeito CONFI mantiña contacto con outros arroaces e mesmo era quen de atraer a algún deles cerca das súas actividades cos humanos.

Dentro do porto CONFI amosouse amigable e cun comportamento táctil, o que permitiu facer unha boa reportaxe gráfica e recoller datos e mostras diversas, dende un crustáceo isópodo que estaba sobre a súa pel ata mostra de alento. Despois dun tempo de contacto quedou tranquilo no porto.

Días despois foi detectada a entrada dunha gran manda de arroaces na ría de Muros, e diante da incógnita de que faría CONFI nesa situación, a sorpresa foi que poucos días despois dese acontecemento desapareceu do porto de Muros, saíu da Ría e foi detectado no porto do Pindo en Carnota, a unha distancia de 30 km polo mar. A partir de aí protagonizou unha longa viaxe cara ao norte.



Marcas corporais en maio de 2024. Azul: recentes. Lila: antigas. Amarelas: afeccións da pel.

VERÁN 2024: O ARROAZ SOLITARIO CONFI ATRAVESA O RUBICÓN

Hai 2000 anos Julio César tiña as súas tropas apostadas no norte de Italia dispostas a chegar a Roma e provocar unha guerra civil, así que tras a orde de marchar cara ao sul as tropas atravesaron o río Rubicón e comezou entón un futuro aberto e incerto, que tivo un resultado pero puido ter outro diferente. **Atravesar o Rubicón** quedou no saber popular para indicar que se traspasa unha liña vermella cara unha enorme incerteza.

Deste xeito en xullo de 2024 o arroaz CONFI decidiu saír da Ría de Muros-Noia, atravesar o seu Rubicón particular e afrontar un futuro incerto e aberto que o levaría por novos lugares e aventuras. Así foi como pasou o verán na Enseada de Corcubión, acompañando á rapazada da escola de vela, ascendendo posteriormente cara ao norte ata a Ría de Ferrol, a onde chegou en novembro de 2024.

Durante os primeiros tres meses de 2025 reproduciu os seus clásicos comportamentoe de interacción cos usuarios do mar, xerando novamente animadversión no sector produtivo mariño. Comezaron as queixas do sector, a pesar de que en Ferrol a súa actividade era moito menos intensa que en Muros, mais sempre había alguén que se sentía molesto e proclamaba as súas ameazas cara a el publicamente. Tamén acompañaba a navegantes, deportistas e nadadores e entraba nalgunhas praias e diques dos asteiros para a sorpresa dos operarios.

Desde a chegada de CONFI a Ferrol, en novembro de 2024, a CEMMA mantivo contacto con diversas entidades para facer o seu seguimento: Confraría de pescadores de Mugardos e Ferrol, Protección Civil de Ferrol, Estación Biolóxica da Graña-USC, SGHN e outras entidades e persoas para manter un seguimento da súa situación. O equipo TRAGSA/MITECO fixo un exhaustivo labor de contactos con actores na zona.



NOVA E PERIGOSA ACTIVIDADE

En maio de 2025 mantivo unha intensa interacción nas instalacións do asteleiro NAVANTIA, seguindo a remolcadores e buques nas manobras de varada, como facía habitualmente no Freixo, Muros. Así foi detectado entrando no dique de reparacións e mesmo quedando dentro pechado durante días.



30/05/2025: CONFI dentro do dique de Navantia, nese momento estaba aberto. Os traballadores informan que uns días antes pasou dous días dentro do dique estando pechado pero que saíu ao abril.

Ata que o 4 de xuño desapareceu perdéndoselle totalmente o rastro. Semanas despois foi detectado un corpo no dique 3 do asteleiro sendo compatible, polas súas características ao do arroz CONFI.

Ninguén indicou onde, houbo que abrir unha silenciosa e lenta investigación ata dar co paradeiro deses restos.

A empresa non permitiu o exame nin a recolección das mostras dos restos retirándoos en segredo.

As circunstancias da súa morte parecen estar relacionadas cun accidente naval coa hélice dun grande buque.



CONFI DESAPARECIDO

CONFI foi declarado desaparecido en xullo de 2025. Fíxose un chamamento público e durante unhas semanas recibíronse avisos de calquera arroaz que fose observado en toda a costa de Galicia, ningún deles era CONFI.

Logo dun período de investigación tiráronse as seguintes conclusións:

- Os datos recompilados indican que CONFI frecuentou o dique de Navantia a finais do mes de maio, atopándose mesmo nadando dentro. Ninguén alertou nunca desta situación.
- Despois de non contar con observacións confirmadas de CONFI na Ría de Ferrol, nin noutro lugar, dende o día 3 de xuño podemos consideralo **desaparecido**. Non hai indicios de que marchara ou se integrase nunha manda, os comportamentos dos días anteriores non levan a sospeitar estes supostos.
- O **corpo de cetáceo atopado no dique de Navantia**, a pesar de non ter podido examinalo ou recollido mostras, presenta **compatibilidades co corpo de CONFI** en tamaño e características. Ninguén alertou nunca desta situación, polo que non se permitiu o exame do corpo. As observacións son apenas en base a unhas poucas imaxes.
- O observado no corpo indica que as feridas e mutilacións teñen orixe na acción dun elemento de propulsión dunha grande embarcación.
- Estímase a morte accidental de CONFI, a causa de turbulencias e acción da propulsión dunha embarcación, entre o día 3 e 6 de xuño. Posiblemente o corpo inerte foi ao fondo e non aboiou de novo ata o día 15 a 20 de xuño entrando no dique de Navantia polas correntes. Ninguén alertou do accidente nin da aparición dos restos.



Restos corporais en navantia, xuño de 2025.
Sinalando a cicatriz do arpón de 2022.

A vida, contacto e monitorización cun arroaz solitario embaixador é moi complexa pola implicación que conleva de socialización. A lexislación para protexelo existe mais non se aplica pois isto supón ter que asumir responsabilidades e traballar na defensa do cetáceo fronte as ameazas das actividades humanas, cousa que non se comprende ben. Cada caso, independentemente do seu final, ten que servir para mellorar coñecementos e sobre todo como elemento pedagóxico sobre a sociedade humana, para que aprenda a respectar e convivir co seu propio medio, neste caso o mar.

ADEMAIS DOS VARAMENTOS ...

A atención a varamentos, a rehabilitación dos animais que o necesiten e todo o que conleva a divulgación o proxecto REVARGAL é só unha parte do noso traballo.



Tamén levamos a cabo estudos poboacionais, saídas en barco, seguemento dende costa, estudos de fotoidentificación, ... Visita a nosa web ou síguenos en redes sociais, e non dubides en contactar con nós para participar no voluntariado. Abaixo tes todos os datos de contacto.

Este boletín publícase no ámbito do proxecto REVARGAL, que conta co apoio da Fundación Biodiversidad do Ministerio para la Transición Ecológica, financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU, a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), e co apoio da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia.

CEMMA

Rúa Ceán, nº2. 36350 NIGRÁN (Pontevedra)

Tlf. 686 98 90 08 / 986 36 61 49

https://www.cemmagal.org/revargal_gal.htm

E-mail: cemmagalorganizacion@gmail.com

<https://www.facebook.com/cemmagalacetaceos/>

<https://www.instagram.com/cemmagalacetaceos/>

<https://www.x.com/cemmagalacetaceos>

<https://www.youtube.com/cemmagalacetaceos>



Financia:



Plan de Recuperación,
Transformación
e Resiliencia



Financiado pola
Unión Europea
NextGenerationEU

Proxecto:



Colabora:



XUNTA
DE GALICIA

REVARGAL conta co apoio da Fundación Biodiversidad do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (MITECO) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), financiado por la Unión Europea-NextGenerationEU.